



# GIANNI RODARI conversa **imaxinaria**

Este vran morreu Gianni Rodari. Os xomais, as exencias de noticias, non informaron do seu pasamento. Nin tan siquera tivo, como Piaget, un recuncho polas follas do medio. Porque os xomais teñen a obriga de ocuparse dos asuntos serios e importantes e ¿a que diaño lle pode importa-la morte dun italiano que pasou case 30 anos da súa vida escribindo contos pra rapaces (xa se sabe, literatura da 2ª clase), que perdeu o tempo facendo de mestre de nenos pequenos e que, pra mais inri, era militante comunista?

Pro a vida da moitas voltas, e agora, cando Rodari desaparece físicamente, empeza a vivir en Galicia. Porque os seus libros -e sobre todo a súa «Gramática da fantasia» -están a ser lidos e utilizados por moitos mestres e mestras da nosa terra.

Unha noite deste outono andaba eu a voltas cos libros de Rodari. Lembraba a Montag, o protagonista de «Fahrenheit 451», cando di que «detrás de cada libro hai un home que me fala». No noso país as noites son longas e propician as conversas. E, por outra banda, falar cos mortos é algo vivo e cotián na nosa cultura popular. Así que non me resultó extraño atoparme falando, logo dun longo silencio, co meu amigo italiano. A idea de facerlle unha entrevista foi cousa súa e saliu case sen dármonos conta. O que transcribo a continuación é un resumo dessa conversa. (1)

- Escoita, Rodari: antes de empeza-la entrevista propriamente dita convén que coñezas un pouco a realidade da escola galega, tan distinta ás experiencias italianas. Aquí, en Galicia, a escola non só trata de reproducir e asenta-los valores das clases dominantes, o mesmo que no resto do Estado Español, senón que ademais é o axente dun peculiar proceso colonial, imponiendo moitas veces unha lingua e uns contidos que non teñen nada que ver coa nosa

realidade. Isto fai que a porcentaxe de fracasos escolares acade unhas cifras de escándalo. Ti, nos teus escritos, defénde-la creatividade, a fantasía, o xogo coas palabras. ¿Isto non será un perde-lo tempo, un tempo que debería adicarse a uns contidos mais útiles?

- Mira, a creatividade e a fantasía serven ás persoas precisamente porque en apariencia non serven pra nada. Pro serven ó home completo. Se unha sociedade baseada no mito da produtivididade só tén necesidade de homes mutilados fideles executores, dílixentes reproducidores, dóciles instrumentos sen vontade- quer decir que está mal feita e que é necesario cambeala. Pra cambeala son necesarios homes e mulleres creativos, que saibam utilizá-la imaxinación. Desenrolémo-la creatividade de todos, pra transforma-lo mundo.

- Penso que son moitos os ensinantes que están de acordo con estas ideas tuyas. Pro que, na práctica, relegan as actividades creativas a un plano secundario, a unha especie de actividade próximos tempos libres. ¿Que pensas acerca diso?

- E imposible concebir unha escolar que se fundamente na actividade do neno, no seu espírito de investigación e na súa creatividade, se non se lle concede á imaxinación o lugar que merece na educación. O cal significa que entre as tarefas do educador-animator está a de estimula-la imaxinación dos nenos, ceibándoas das precozess cadeas con que a atan os condicionamentos familiares e sociais, alentala a competir consigo mesma, a deixar de ser imaxinación que consume pra transformarse en imaxinación que crea.

- Pro ¿onde queda entón a xerarquía entre as distintas materias? ¿Ou non son unhas más importantes ca outras?



- E que non debe haber ningún tipo de xerarquía entre as distintas materias. Hai, no fondo, unha soa materia: a realidade, enfocada dente tódolos puntos de vista, empezando dende a realidade cercana, a comunidade escolar, o estar xuntos, o xeito de estar e de traballar xuntos. nunha escola deste tipo o neno xa non está como consumidor de cultura e de valores, senón como creador e produtor de valores e de cultura.

- Por esta resposta ben se che nota a tua vinculación ó Movimento de Cooperazione Educativa, que parte da herencia de Freinet. E pra nós, aquí en Galicia, é importante que fales con tanta claridade. Porque estase a da-lo perigo, nun afán de «posta-ó-día», de collé-las técnicas que saen das novas corrientes pedagógicas, esquecendo a filosofía que subxace tras delas. Collendo a cáscara e deixando o miolo, co que a renovación educativa é só apariencial, ¿Non che parece?

- Estou de acordo. Porque entre unha escola morta e unha escola viva, a discriminación mais grande é precisamente finxir que a escolar prá «consumidores», que está morta, segue viva, porque este finximento non a alonxará da putrefacción (que se está a producir diante dos nosos ollos). Unha escola viva e nova só pode ser se é pra creadores.

- ¿E que me dis das clases de lingua? Aquí segue a confundirse a lingua coa gramática, es-

quencendo que o fundamental son as actividades expresivas, deixando de lado os cada vez mais importantes medios de comunicación, refugando o carácter lúdico... ¡con decirche que hai clases de lingua nas que os rapaces non falan! ¿Ti viches paradoxa semellante?

- Que pase iso é consecuencia do afastamento da creatividade. Pro ademais, ó xuzga-lo textos infantís, por desgracia, a escola dirixe especialmente a súa atención ó seu nivel ortográfico-gramatical-sintáctico, que non chega nin tan siquera ó nivel propriamente lingüístico, ademais de esquencer completamente o completo mundo dos contidos. A cuestión é que na escola lense os textos pra xuzgalos e clasificalos, non pra comprehendelos. A peneira da corrección retén e revaloriza os croios, deixando pasa-lo ouro.

- Outro problema é o da lectura. Os nosos nenos e nenas non len, ou len por obligación, porque é un traballo que se lles manda na escola. Ti falas, nun fermoso artigo publicado en «Cuadernos de Pedagogía», do libro como xoguete e como instrumento prá apertura ó mundo. ¿Poderías explicar algo mais a idea?

- O encontro decisivo entre os nenos e os libros prodúcese nos pupitres da escola. Se se da nunha situación creativa, na que o que conta é a vida e non o exercicio, o resultado será o gusto pola lectura, co que non se nace, por que non é un instinto. Se se produce unha situación burocrática, se o libro é reducido a instrumento de exercitación (copiais, resumos, análisis gramaticais), sofocado polo mecanismo tradicional «pregunta-xuicio», poderá nace-la técnica da lectura, pro non o gusto. Os nenos saberán ler, pro só o farán se están obrigados a elo. E ó marxe da obligación refluxiaranse nos tebeos, inda que sexan capaces de lecturas mais complexas e mais ricas, quizais só porque os tebeos inda non foron «contaminados» pola escola.

A conversa inda durou ben mais. Falamos da importancia dos contos populares (el pubricou no ano 70 unha «Enciclopedia das fábulas», na que recolle mais de 800) e da súa utilización na escola, seguindo as propostas que fai na súa «Gramática da fantasía»; falamos dos comics e das súas posibilidades expresivas, das que é un grande defensor; falamos da literatura infantil (da boa, non dos sucedáneos edulcorados) insuficientemente valorada e moitas veces descoñecida. Aquí é inevitable a referencia ó propio Rodari: mais de 20 libros publicados, Premio Andersen no ano 70 e segue sendo, polo menos no noso país, case un descoñecido. Cando rematamos de falar eu tiña ben crara unha idea: se hai unha ducia de libros que deberán ser de lectura obligada pra todo mestre, a «Gramática da fantasía» é un deles. E a ferramenta que nos deixó Rodari, xunto cos seus contos, pra axudarnos no proceso de transformación da escola.

(1) Tódalas frases que nesta conversa se poñen en boca de Gianni Rodari, son súas: están quitadas da «Gramática da fantasía» e do artigo «Un xoguete

chamado libro» (Cuadernos de Pedagogía, nº 36. Nadal 1977).

Agustín Fernández Paz  
Mugardos, Outono do 80

## LIBROS DE RODARI QUE SE PODEN ATOPAR NAS LIBRERIAS:

Son poucos, e todos de reciente traducción. Están sen publicar algúns dos más importantes. Damos o título da edición en castelán.

### - «GRAMATICA DE LA FANTASIA»

1ª Edición: Editorial Avance. 2ª Edición: Editorial «Reforma de la Escuela».

E un libro fundamental. Proporciona unha grande cantidade de ideas pra traballa-los aspectos creativos da lingua.

### - «CUENTOS POR TELEFONO»

Edit. Juventud.

Conxunto de contos moi breves. Moitos deles son coma exemplos das propostas que fai na súa «Gramática da fantasía». Moi axeitado prá 1ª etapa.

### - «CUENTOS ESCRITOS A MAQUINA»

Edit. Alfaguara

Conxunto de contos mais longos e complexos, axeitados pra rapaces un pouco maiores (9-10 anos en adiante).

### - «JIP EN EL TELEVISOR»

Colección «Moby Dick». Edit. La Gaya Ciencia.

E unha pequena noveliña, parodia de alienación televisiva. Absolutamente recomendable.

### - «LA GONDOLA FANTASMA»

Col. Biblioteca Amarilla. Edit. Bruguera

Saiu hai uns meses. Dous contos -un longo e outro breve- nos que o fundamental, mais ca o argumento, é o xogo verbal.

# A TUA ESCOLA E OS TEUS MESTRES

Concurso de Dibuxo e Textos libres pra os nenos galegos.

## B A S E S

I.-OBXETO. As comisións organizadoras da Semán de Educación de Santiago e do Congreso de Estudiantes da Educación de Galicia convocan un concurso entre os nenos galegos que contribuia a estimular neles o interese pola transformación das suas escolas, a renovación do ensino, e ao mesmo tempo a fomentar a sua creatividade.

II MODALIDADES. O concurso «A TUA ESCOLA E OS TEUS MESTRES» terá tres modalidades:

A) Dibuxo

B) Textos libres (poemas, contos, textos libres e colectivos)

C) Outros traballos (murais, «collages», comics, fotografía e outros traballos colectivos ou individuais).

Poderanse concursar nunha ou varias modalidades cun ou varios traballos.

III.-PARTICIPANTES. Poden participar neste concurso todos los nenos galegos que se encontren nas edades que abrange o EXB.

IV.- CATEGORIAS. Existirán tres categorías pra cada modalidade:

1ª Hasta 9 anos

2ª 10 e 11 anos

3ª 12 anos e máis

V.-OS TRABALLOS. Versarán sobre o tema xenérico «A TUA ESCOLA E OS TEUS MESTRES», sin ningunha outra limitación.

VI.- PRESENTACION DOS TRABALLOS. Xunto con cada un dos traballos presentarase un sobre no que se indiquen os seguintes datos:

Título; Autor(es); Edade; Curso; Centro; Enderezo; Categoría e Modalidade na que concursa.

VII. TEMPO E MODALIDADE DE ENVIO. Os traballos serán remitidos por correo ou entregados no DEPARTAMENTO DE PEDAGOXIA da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, antes do dia 15 de FEBREIRO de 1981, sendo necesario que veñan acompañados dos datos do participante ou do grupo que os presente (segundo a base anterior).

VIII.- DESTINO DOS TRABALLOS. Cos traballos das modalidades A) e C) farase unha exposición co gallo da Semán de Educación.

Os traballos premiados da modalidade de Textos libres serán publicados nas revistas pedagógicas galegas.

IX.-OXURADO. Serán nomeados polas comisións organizadoras, entre diferentes personalidades da cultura e da pedagogía de Galicia. Comporase dun máximo de 10 membros nomeados libremente polos organizadores, que se reservan a secretaria.

X.-OS PREMIOS. Para cada unha das modalidades e das categorías establecese un premio, consistente en material escolar e de traballo.

XI.-O FALLO. Farase público o dia de clausura da Semán de Educación publicándose en toda a prensa periódica galega.

XII DE VOLUCION DOS TRABALLOS. Os traballos devolveránse aos seus autores se se solicitan nun mes despois do fallo do concurso.

NOTAS.-DATA FINAL DE ENVIO: 15 FEBREIRO de 1981

Envíalos traballos ao seguinte enderezo:

«A TUA ESCOLA E OS TEUS MESTRES»

DEPARTAMENTO DE PEDAGOXIA

FACULTADE DE FILOSOFIA E C.C. EDUCACION

SANTIAGO DE COMPOSTELA

# AS POLADAS

Nº8

20 pesos

Revista Pedagóxica galega editada polo  
Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega



A ESCOLA E OS MEDIOS DE COMUNICACION

COMO FACER MARIONETAS

A ESCOLARIZACION NA GALICIA RURAL